

## FUNDACIÓN PRAZA PÚBLICA

### Informe financeiro de 2014

A previsión de gastos nun escenario óptimo é de 90.000€ de ingresos anuais, dos cales 72.000€ se destinarían a gastos de redacción e xornalistas colaboradores (incluíndo impostos e gastos sociais) e mais 18.000 euros para gastos de mantemento tecnolóxico e de xestión. Non obstante, no orzamento do ano 2013 axustámonos a uns ingresos aproximados de 54.300€ (37.700 de doazóns dos socios, un 70%; e 16.600 de ingresos por publicidade, o restante 30%). Pola súa vez, o gasto anual foi de 57.800€ (53.300 para pagar a redacción e colaboradores xornalísticos, o 92% do total; e 4.500 de gastos de mantemento tecnolóxico e de xestión, un 8%), resultando un deficit no exercicio do ano 2013 de 3.500€.

Como sabes, a forza de Praza Pública son os seus lectores e lectoras, eses centos de persoas que fixeron posible botar a andar o proxecto e telo levado en menos de dous anos até un escenario moi próximo ao equilibrio de contas. Neste ano 2014, o noso desexo é darlle máis solidez ao xornal, evitando os problemas de liquidez e pensando en incorporar novos contidos e, se é posible, novos xornalistas que reforcen o actual plantel. Mais para conseguilo primeiro temos que cadrar as contas e iso só é posible co teu apoio. Por iso reiterámosche o noso agradecemento e pedímosche que renoves o teu compromiso con Praza Pública para seguirmos a contar cun medio que dea voz á Galicia que vén e que en boa medida, grazas a persoas coma ti, xa está aquí.

De acordo coa nosa política de transparencia, os adiantamos a estimación provisional a 13 de decembro do 2014: [Documento pdf coas contas provisionais da Fundación Praza Pública para o ano 2014.](#)

Neste segundo semestre, entre todos e todas, conseguimos dar importantes pasos para lograr a sustentabilidade económica de Praza, melloramos no referido aos ingresos de publicidade grazas ás asociacións, institucións e empresas que nos deron o seu apoio mediante a inserción de anuncios.

Avanzamos significativamente na redución das débedas dos dous primeiros ano de praza.gal, máis aínda quedan pendentes débedas con particulares de aproximadamente 6.000 euros pero xa estamos lonxe dos case 15.000 euros que chegamos a acumular. A intención do padroado é conseguir eliminar a débeda restante o antes posible para poder abordar novos proxectos xornalísticos en 2015.

Calquera achega extraordinaria que teñas a ben facer axudará a acadar antes este obxectivo de normalización financeira. Todas as achegas efectuadas antes do 31 de decembro contarán coa corresponde desgravación na declaración do IRPF do ano 2014. <http://praza.gal/achegas/>